Xunta de Galicia
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U.

IES DE FOZ

RÚA CASTELAO, S/N, 27780 FOZ (LUGO)
TFNO.: 982 141544 www.iesfoz.org
FAX: 982 132839 ies.foz@edu.xunta.es

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA IES de Foz

FONDO SOCIAL EUROPEO

# PLAN DE DESENROLO EUROPEO IES DE FOZ

*"Non hai home máis completo que aquel que viaxou moito, que cambiou vinte veces de forma de pensar e de vivir"*

**Alphonse Lamartine**, escritor, poeta e político

*"Un cree que vai facer unha viaxe, pero enseguida é a viaxe a que o fai a el"*
**Nicolás Bouvier**, escritor, viaxeiro e fotógrafo

*"Non me digas o vello que es, ou o ben educado que estás, dime canto viaxaches e direiche canto sabes"*

**Mahoma**, profeta

Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

Erasmus+

Xunta de Galicia
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U.

IES DE FOZ
RÚA CASTELAO, S/N, 27780 FOZ (LUGO)
TFNO.: 982 141544 www.iesfoz.org
FAX: 982 132839 ies.foz@edu.xunta.es

FONDO SOCIAL EUROPEO




1) INTRODUCIÓN

2) CONTEXTO XERAL DO CENTRO

3) NECESIDADES DETECTADAS E OBXECTIVOS FIXADOS

4) ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA O CUMPRIMENTO DE DITOS OBXECTIVOS.

VALOR EUROPEO ENGADIDO DE DITAS ACTIVIDADES

5) RESULTADOS E IMPACTO ESPERADOS

6) DIFUSIÓN

7) RECOÑECEMENTO DE COMPETENCIAS

8) ACTUALIZACIÓNS DO PLAN

Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

Erasmus+

## 1) INTRODUCIÓN

A sociedade actual, inmersa en procesos de globalización e plenamente integrada no marco da Unión Europea, demanda unha ensinanza plurilingüe que sexa capaz de conseguir no profesorado e no alumnado a adquisición da competencia lingüístico-comunicativa en linguas estranxeiras, fundamentada na dimensión europea da consciencia cultural e dos valores de respeto e tolerancia.

Hai que entender a formación coma un proceso permanente e apoiada na cooperación, o intercambio de ideas e a mobilidade entre institucións nun ámbito máis aló do local, só así, poderemos desenrolar as competencias e o potencial humano de todos os membros da nosa comunidade educativa.

O fío condutor do noso plan é a busca da calidade e o desenrolo educativo, a inclusión da dimensión europea na vida do centro, a internacionalización do mesmo e o enriquecemento do noso sentido de comunidade a traveso de novas realidades e culturas.

Seguindo as directrices marcadas na estratexia Europa 2020, o noso proxecto Erasmus + propón como obxectivo principal elevar os niveis de calidade das competencias e habilidades clave para incrementar a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe e facelas relevantes para as necesidades do mercado laboral e a sociedade en xeral.

En marzo de 2015 viñeron ao centro un grupo de profesores da República Checa nunha actividade de “Job Shadowing”. Esta actividade serviu de base para establecer contacto con outros centros europeos e iniciar a solicitude do noso proxecto Erasmus+. Actividade que naceu despois dunha análise en detalle das necesidades de formación e de melloría do noso centro.

## 2) CONTEXTO XERAL DO CENTRO

## CARACTERÍSTICAS DEL CENTRO, DA CONTORNA E DOS ALUMNOS-

- O centro está ubicado en Foz, zona costeira de Lugo, onde é o único instituto da vila.
- No centro impártese a ESO, Bacharelato, FP Básica, FP de Grao Medio, FP de Grao Superior, FP Modular e UNED.
- O centro é un referente na Hostalería da zona dende vai máis de 30 anos, non só para a comarca, senón tamén para alumnado de outras zonas como Asturias, Castela León ou outras zonas de Galicia.
- O centro ten un compromiso para rematar co abandono escolar poñendo en marcha prácticas para tender á escolarización total da mocidade da zona
- O nivel cultural do alumnado de FP é bastante baixo, non tendo moito interese pola formación, pola educación en xeral.
- Existe un gran apego á zona o que os fai reticentes para abandonar a comarca e considerar outras opcións como marco laboral e formativo
- Dende o noso instituto sempre houbo programas europeos, e mesmo un intercambio cun centro de Estados Unidos. Son moitos os profesores que participan e participaron nestes proxectos, pero tamén é verdade que moitos manifestan non ter a competencia lingüística necesaria para unha comunicación eficaz con socios de outros países ou para realizar actividades noutros países na súa lingua.
- No IES de Foz, os módulos e materias impártense no idioma establecido na lexislación vixente. Para o resto dos módulos, aqueles para os cales a normativa non especifica o idioma que se ha de empregar, o centro procurará que exista unha oferta equilibrada en galego e castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.
- O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do IES de Foz vén funcionando, nomeadamente dende a creación dos equipos de normalización lingüística, coa posta en práctica de proxectos e actividades que contemplan a dinamización lingüística e co desenvolvemento da cultura galega como principal eixo condutor. O EDLG do IES de Foz

leva varios anos de traxectoria realizando múltiples actividades ao longo de todo o curso. Algunhas delas repítense anualmente con éxito.

**PROFESORADO PARTICIPANTE:**

O proxecto integra a profesores de diferentes departamentos e linguas, así como a membros do Equipo Directivo para que a diseminación sexa máis eficaz e se xestione dende diferentes puntos de vista.

A selección de profesora foi realizada en función da predisposición e interese mostrados no momento da presentación, así como da dispoñibilidade para implicarse nun proxecto de mellora da calidade e de europeización da institución.

Convoucouse a todo o profesorado a unha reunión inicial para informar do novo programa Europeo Erasmus+. Presentáronse as diferentes posibilidades para un proxecto institucional a nivel europeo. A esta reunión asistiron potenciais candidatos interesados en obter información. Tras esa reunión inicial, convocouse unha segunda á que só asistiron os profesores implicados definitivamente no proxecto. Os profesores asistentes cumprían unhas características comúns e de gran valor para a posta en marcha do mesmo. Estas características son:

- Todos os participantes mostran uns obxectivos claros para a mobilidade así como a vontade de compartir a experiencia á volta
- Teñen unha forte motivación para dar unha perspectiva internacional ao seu proceso de ensinanza.

**ALUMNADO PARTICIPANTE**

• Todos os alumnos do centro: implicados en xornadas internacionais, en actividades divulgativas, charlas e tamén a traveso da aplicación das metodoloxías adquiridas en distintas accións, actividades pedagóxicas

• Para as posibles mobilidades a selección do alumnado realizarase en función da actividade prevista: KA 102, intercambios, inmersión lingüística… características propias da acción, idade requirida…

## 3) NECESIDADES DETECTADAS E OBXECTIVOS FIXADOS

O Plan de Desenrolo Europeo vertébrase nas seguintes dimensións:

**DIMENSIÓN EUROPEA DO INSTITUTO: INTER-CULTURAL E FORMATIVA-VIVENCIAL**

Obxectivo: INTERNACIONALIZAR O INSTITUTO, APOIAR ACCIÓNS MÁIS ALÓ DO LOCAL, NUN AMBIENTE ABERTO E FLEXIBLE

As necesidades que detectamos a este respecto son:-

- Aumento das mobilidades das persoas: potenciar a mobilidade de estudiantes e profesorado así como a súa preparación antes da mobilidade.
- Apertura ao exterior
- Establecemento de relacións con outras institucións

- Encontros con outros profesionais; intercambios de experiencias, ideas e establecemento de contactos para posibles colaboracións futuras
- Desenrolo de valores europeos: contactos con outras culturas; aprendizaxe nun contexto cultural, social…
- Adquirir un sentimento de pertenza á Unión Europea.
- Aumentar o atractivo dos ciclos de FP impartidos no centro.

**DIMENSIÓN DIDÁCTICA**

Obxectivo: ADQUIRIR NOVAS METODOLOXÍAS EDUCATIVAS E NOVAS HABILIDADES DE TRABALLO

Necesitamos:

- Novas metodoloxías e actividades na ensinanza de linguas estranxeiras.
- Creación de materiais en distintas materias
- Ampliación de coñecementos en prácticas, metodoloxía e ferramentas dixitais
- Mellora do proceso ensino-aprendizaxe das linguas
- Incorporación de prácticas que motiven ao noso alumnado, loitando contra o abandono escolar e a falta de interese.

**DIMENSIÓN LINGÜÍSTICO-COMUNICATIVA**

Obxectivo: MELLORAR AS COMPETENCIAS CURRICULARES EN LINGUA ESTRANXEIRA

Precisamos:

- Mellora no nivel de diferentes linguas e a competencia comunicativa

- Promoción da diversidade lingüística; o multilingüísmo, valor fundamental da formación e riqueza cultural.
- Procesos de inmersión real en países coa lingua estudada ou vehicular.
- Mellora da comunicación e realización de tarefas noutros proxectos europeos, KA 102, KA 103

**DIMENSIÓN DE DESENROLO PROFESIONAL**

Obxectivo: MELLORA DA CALIDADE E INNOVACIÓN, EN PARTICULAR, A TRAVÉS DE UNHA MAIOR COOPERACIÓN INTERNACIONAL

Necesitamos:

- Observación de outras prácticas educativas, de organización e de xestión
- Incorporación de novas formas de colaboración e sinerxías
- Difusión dos programas europeos, das oportunidades que ofrecen, animando á comunidade á súa participación
- Coñecemento de outros sistemas educativos europeos.

## 4) ACTIVIDADES PROPOSTAS

ANTECEDENTES

O centro ten un amplo percorrido en proxectos europeos. O IES de Foz desenrolou o proxecto “Comenius” dende o ano 2003 ata o ano 2013, no cal participaron varios profesores do centro con mobilidades a países como Francia, Holanda, Alemania, Italia, Romanía, Inglaterra, Grecia ou Eslovaquia. O noso centro foi centro de acollida en dúas ocasións, organizando

encontros con profesorado e alumnado de diferentes países. En setembro de 2006 realizouse unha reunión preparatoria do proxecto e en abril de 2007 celebrouse a “Semana Europea”, acollendo a diferentes profesores de varios países.

En total realizáronse catro accións, que foron:

- Fronteiras e horizonte de Europa
- A nosa casa Europea
- Aqua: os camiños da auga en Europa
- Prometeo, de Deus a escravo. Europa e o seu compromiso enerxético

Os talleres con alumnos trataron estes temas dende diferentes perspectivas. En cada un dos proxectos había un traballo previo do centro, e finalmente dous alumnos acompañados de dous profesores reuníanse nun dos centros do programa para poñer os traballos en común.

O instituto realiza todos os anos un intercambio coa cidade de “Shakopee”, en Minnesota, Estados Unidos. Este intercambio serve para mellorar a capacidade lingüística do alumnado e promover o intercambio cultural entre países.

**PROXECTOS PROGRAMADOS**

Dende setembro de 2016 participamos nun programa Erasmus +, no proxecto KA 102 “Abrindo oportunidades”, con dous tipos de mobilidades, de profesorado e de alumnado. Cinco profesores do centro desprazáronse a Potenza, na rexión de Basilicata, no Sur de Italia para coñecer como funciona un instituto da cidade e coñecer diferentes empresas relacionadas co mundo da hostalería dentro dunha actividade de “job shadowing”.  No mes de febreiro de 2017 seis alumnos realizarán un período de 28 días de prácticas en empresa desa mesma rexión.

Estamos potenciando o emprego de Etwinning para a consecución de proxectos e contactar con outras institucións co fin de acadar novos proxectos.

Este curso impartíronse charlas entre o alumnado de FP para coñecer o seu interese no programa Erasmus e animalos a prepararse para optar ó proxecto no vindeiro curso.

Celebramos do 5 ao 9 de decembro a "Semana Europea da FP cunha exposición na entrada do Edificio B para dar a coñecer o proxecto Erasmus + do profesorado do IES de Foz e Xornadas informativas polas clases para dar a coñecer ao alumnado e futuros candidatos o proxecto

O 5 de decembro elaborouse un menú escolar italiano, onde os alumnos de 2º de Ciclo Medio de Cociña a cargo de profesores que xa participaron en programa Erasmus elaborarán un menú tipicamente italiano.

O 7 de decembro de 2016 púidose degustar no comedor de carta do Edificio de Hostalería un menú degustación de Basilicata. O profesorado de 2º de Ciclo Superior de Cociña elaborou este menú con pratos típicos da rexión Lucana, aplicando as técnicas aprendidas durante a actividade de "Job Shadowing" en Italia e dando a coñecer o produto desta zona. 2º Ciclo medio Servizos maridou estes pratos con viños da Denominación de Orixe "Aglianico Vulture". 2º Ciclo Medio Cociña elaborará os sobremesas, tamén desta rexión.

Durante todo o curso 2017/2018 buscamos redes internacionais que queiran colaborar coa nosa institución co fin de ampliar os valores de coñecemento e cooperación entre centros, queremos establecer proxectos nos que reforcemos os vínculos entre a institución educativa e as institucións do entorno: concello, empresas...

## 5) RESULTADOS E IMPACTO ESPERADOS

A realización dun proxecto europeo Erasmus supón a introdución da dimensión europea na educación, traballar en Europa e por Europa. Isto repercute a todos os niveis: nivel de competencias lingüísticas, cambio na dinámica de traballo do centro, apertura ao exterior.

O impacto e avaliación do proxecto e dos resultaods é unha parte esencial do proceso. Evaluaránse os logros e xenerarán recomendacións para melloras futuras. Realizaránse antes, durante e ao remate das actividades. Evaluaremos o progreso hacia os obxectivos.

Consideramos que as ferramentas idóneas para evaluar estes elementos son as seguintes e os indicadoras a empregar divídense en dous tipos: cuantitativos e cualitativos sobre a participación e experiencia adquirida.

Cuantitativos:

- Datos e cifras sobre visitas á nosa web
- Número de contactos e reunións totais cos participantes e organización socia
- Número de participantes en sesións de formación, xornadas, talleres para a diseminación dos resultaods. Medidas de seguimento
- Producción e circulación de produtos tanxibles
- Cobertura en informes, entrevistas
- Visibilidade nas redes sociais
- Participación en eventos públicos de formación
- Acordos establecidos con outras institucións europeas

Cualitativos:

- Cuestionarios de avaliación aos participantes, previos e psoteriores
- Comentarios dos participantes sobre actividades de formación
- Práctica docente máis efectiva e de maior calidade
- Mellores resultados académicos
- Maior satisfacción entre o alumnado
- Cuestionarios de avaliación aos alumnos sobre as capacidades adquiridas polos participantes no proxecto en materia de avaliación de resultados académicos, práctica docente e dimensión europea das clases.

Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

Erasmus+

- Entrevistas aos participantes e ás persoas ás que se lles difundes os coñecementos adquiridos, observación n as clases e procesos de avaliación
- Impacto nas novas medidas e acordos en materia de política educativa a nivel local, rexional e nacional.
- Feedback de calquera persoa interesada en adquirir e compartir os coñecementos e experiencias adquiridas a través do proxecto Europeo.

**IMPACTO NO CENTRO E NA COMUNIDADE EDUCATIVA EN XERAL**

Podemos considerar que o proxecto tivo o seu impacto no Centro:-

✓ Elaboración dun Plan de Desenrolo Europeo que incluiremos no Proxecto Educativo de Centro. Se ben os programas europeos estaban xa moi presentes no centro , non tiñamos un punto como tal dedicado exclusivamente a elo. A reflexión sobre a europeización do centro, o desenrolo do PDE e o compromiso de continuidade no tempo, son xa os nosos primeiros resultados.

- ✓ Mellorar a calidade da educación: mellorar as capacidades e competencias de toda a comunidade educativa; Tamén con actividades de formación e obradoiros e reunións posteriores, imos crear unha base de actividades dispoñibles para toda a comunidade.
- ✓ O reforzo das relacións coas organizacións e institucións locais, chamados a cooperar e participar nas actividades propostas, cando non están directamente implicados.
- ✓ Mellorar a educación de calidade: mellorar as capacidades e competencias de toda a comunidade educativa; Tamén con actividades de formación e obradoiros e reunións posteriores, imos crear unha base de actividades dispoñibles para toda a comunidade e os centros locais e rexionais.
- ✓ O reforzo das relacións coas organizacións e institucións locais, chamados a cooperar e participar nas actividades propostas, cando non está directamente implicado.

- ✓ O prestixio do centro é reforzado por este tipo de proxecto: a imaxe da institución e a súa proxección a nivel local e rexional melloraron considerablemente, e iso animámonos a seguir neste camiño metodolóxico e estratéxico
- ✓ As prácticas tamén son modificadas pola observación doutras realidades, outras formas de ver e facer.
- ✓ O fortalecemento das relacións internacionais: o contacto con outras institucións, conexións con outros profesionais con intereses e proxectos similares …
- ✓ A introdución da dimensión europea no centro, as mobilidades de persoas, experiencias, exposicións, mudanzas estratéxicas, innovacións metodolóxicas... o proxecto marca un antes e despois da experiencia europea

**IMPACTO DOS PARTICIPANTES**

- ✓ Mellora das competencias lingüísticas en linguas estranxeiras: promover unha maior participación en proxectos europeos, conseguindo clasificacións lingüísticas mellores e ampliando estas.
- ✓ Adquisición de novas estratexias, métodos, actividades ... estes serán compartidas con outros profesores. O beneficiario comprométese a aplicar (aqueles que considere adecuadas ao seu contexto e ambiente) e incluír no currículo da materia.
- ✓ Coñecemento -Aumento de ferramentas TIC, plataformas, Internet .. actividades máis familiares e implantación para a clase.
- ✓ Coñecemento e difusión da plataforma eTwinning. Para os profesores, é un ambiente en que para satisfacer os compañeiros doutros países, intercambiar ideas, discutir intereses comúns e desenvolver proxectos conxuntos
- ✓ Coñecemento doutras culturas, probar novas experiencias compartidas a través de reunións, obradoiros, exposicións ...

**IMPACTO SOBRE OS ALUMNOS**

RÚA CASTELAO, S/N, 27780 FOZ (LUGO)
TFNO.: 982 141544 www.iesfoz.org
FAX: 982 132839 ies.foz@edu.xunta.es


A formación e cualificacións máis elevadas dos profesores implica unha mellora no proceso de ensino-aprendizaxe, logo o impacto sobre o alumnado é total. Servírmoslles de exemplo , a transmisión de experiencias de primeira man esperta a curiosidade neles e contaxiámoslles as ganas de coñecer outras realidades e o desexo de participar nestes proxectos.

Divulgar os proxectos europeos, as posibilidades que teñen no seu presente educativo e no seu futuro

Metodoloxías de TIC -Novas actividades son altamente motivadoras e xeralmente crean unha boa participación na aula.

A curto prazo, o impacto esta asegurado:

- a través do compromiso dos profesores beneficiarios para incluír os seus resultados (ou algúns deles) no currículo
- a través da inclusión de medidas, métodos, estratexias ... no Centro de documentos oficiais: PEC, Informe Anual ...
- visualización da mobilidade e do traballo no proxecto: Recuncho Erasmus, Día de Europa ...
- a través de obradoiros, encontros, sesións de formación previstas para despois de mobilidades
- a través da avaliación considerarase o impacto producido

A longo prazo:

-o compromiso de levar a cabo o Plan Europeo de Desenvolvemento, incorporándose no PEC cada curso, modificar e adaptar ás novas esixencias de acordo co estudo da evolución das necesidades ou novas detectados. Este plan afectará a maior parte do proceso de toma de decisións: estratexias, plans, proxectos europeos, o intercambio …

-Imos por a disposición de todo o persoal o material ERASMUS para ser reutilizado en ciclos seguintes

## 7) DIFUSIÓN

MEDIDAS PREVIAS A CADA PROXECTO, ACTIVIDADES

- Divulgación dos profesores participantes do Erasmus de información sobre programas europeos nos claustros e CCP.
- Reunións especiais para fixar as liñas do Plan Europeo de Desenvolvemento e do propio proxecto KA 102 “Abrindo oportunidades”
- Creación dunha sección na páxina web do centro: plan de desenvolvemento europeo, no que poremos a versión completa, documentación, enlaces, información sobre proxectos no centro: inmersión no idioma, intercambios ... e de programas europeos de curso
- Imos convocar o proceso de selección de candidatos (profesores, estudantes ...)
- Facer folletos informativos que se propagan a través do centro e da cidade (e en organizacións, asociacións .. onde consideramos que sexan de interese)
- Imos crear seccións específicas na nosa web. Este enlace será transmitido tanto a nivel local e rexional (asociacións de profesores, institucións de ensino ...) e internacional en todas as actividades de formación que realizamos.
- Os profesores participantes comprométense a incluír nos seus materiais curriculares novas achegas metodolóxicas, ensino, actividades ... os grupos de traballo e valoración serven para avaliar o que e como podemos adaptar ao noso ambiente así adquiridas; en calquera caso, reflexionar sobre a nosa práctica docente a influencia da nosa nova experiencia debe ser evidente.
- Notas de prensa: envío a todos os medios locais e galegos os programas en que participamos coas novas que se produzan

RÚA CASTELAO, S/N, 27780 FOZ (LUGO)
TFNO.: 982 141544 www.iesfoz.org
FAX: 982 132839 ies.foz@edu.xunta.es


- Recuncho Erasmus. No taboleiro da sala de profesores e tamén dos alumnos expoñeranse as institucións coas que traballamos, fotos, convocatorias…

O fin deste programa de internacionalización é ao noso centro un entorno europeo e abrir o espazo da educación que todos sexamos conscientes do novo marco europeo, das perspectivas formuladas, e as posibilidades que ofrece.

## 7) RECOÑECEMENTO DE COMPETENCIAS

Un obxectivo do presente plan é mellorar a transparencia e o recoñecemento de cualificacións e competencias, incluídas as adquiridas mediante o ensino non formal ou informal.

### 7.1.Documentos Europass

Foméntase a utilización de documentos Europass:

● Curriculum Vitae Europass: para todo o alumnado.

● Pasaporte de linguas Europass: para todo o alumnado.

● Documento de mobilidade Europass: para o alumnado e profesorado que realiza mobilidades Erasmus+, certificado polos socios de acollemento e envío.

● Suplemento Europass ao título: para todo o alumnado.

### 7.2. Recoñecemento ECVET

Mediante o Sistema Europeo de Créditos para a Formación Profesional recoñeceraselle ao alumnado os resultados de aprendizaxe da actividade prevista.

RÚA CASTELAO, S/N, 27780 FOZ (LUGO)
TFNO.: 982 141544 www.iesfoz.org
FAX: 982 132839 ies.foz@edu.xunta.es


Un dos obxectivos desta ferramenta é velar por un recoñecemento máis sinxelo e unha mellor comprensión das competencias e cualificacións dentro das fronteiras nacionais, tanto nos sistemas educativos como no mercado de traballo, con independencia de si se adquiriu por medio da educación e a formación académica ou no marco doutras experiencias, como é no noso caso, por unha experiencia laboral

## 8).ACTUALIZACIÓNS DO PLAN

As futuras actualizacións do Plan de Modernización e Internacionalización do Centro, publicaranse en http://www.edu.xunta.gal/centros/iesfoz/taxonomy/term/84.

Se houber algunha diferencia entre o presente documento e a información publicada na web do centro, prevalecerá esta última.

Foz, a 9 de xaneiro de 2019

Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

Erasmus+